

## 2ª DECLINACIÓN: substantivos masculinos e neutros

1. Clasifica os substantivos en masculinos e neutros introducindoos no recadro:

<i>ludus -i</i> (xogo)	<i>verbum -i</i> (palabra)	<i>magister -tri</i> (mestre)	<i>bellum -i</i> (guerra)
<i>studium -ii</i> (afán)	<i>filius -ii</i> (fillo)	<i>populus -i</i> (pobo)	<i>signum -i</i> (sinal)
<i>aurum -i</i> (ouro)	<i>proelium -ii</i> (batalla)	<i>servus -i</i> (servo)	<i>liber libri</i> (libro)
<i>donum -i</i> (regalo)	<i>equus -i</i> (cabalo)		

Substantivos masculinos	Substantivos neutros

2. Completa os seguintes enunciados:

Recoñecemos un substantivo da 2ª declinación porque o seu xenitivo singular sempre termina en ..... A desinencia do nominativo dos substantivos neutros sempre é ....., mentres que os substantivos masculinos poden ter un nominativo en ....., ..... ou .....

3. A partir da tradución ao galego que se proporciona, completa as oracións latinas coas desinencias oportunas da 2ª declinación e dos verbos:

Lup\_\_\_ agn\_\_\_ devora\_\_\_. → Os lobos devoran os cordeiros.

Medic\_\_\_ serv\_\_\_ morb\_\_\_ cura\_\_\_. → O médico cura as enfermidades dos servos.

Vent\_\_\_ hort\_\_\_ mur\_\_\_ vasta\_\_\_. → O vento destrúe os muros da horta.

Equ\_\_\_ domin\_\_\_ cura\_\_\_. → Coidamos os cabalos do señor.

Taur\_\_\_ agr\_\_\_ ara\_\_\_. → Arades os campos con touros.

Vir\_\_\_ agn\_\_\_ de\_\_\_ immola\_\_\_. → Os homes sacrifican cordeiros aos deuses.

Ager agri (m.): campo agnus -i (m.): cordeiro aro -are: arar curo -are: curar, coidar deus dei (m.): deus devoro -are: devorar	equus -i (m.): cabalo hortus -i (m.): horta dominus -i (m.): señor Immolo -are: sacrificar Lupus -i (m.): lobo Medicus -i (m.): médico Morbus -i (m.): enfermidade	Murus -i (m.): muro Taurus -i (m.): touro Servus -i (m.): servo Vasto -are: destruír Ventus -i (m.): vento Vir viri (m.): home
---	--	---

4. Analiza e traduce as seguintes oracións. Entre parénteses dáse a tradución dos verbos que non son da 1ª conxugación:

Dominus servis operam dat.

Do dare: dar, encargar  
Dominus -i (m.): señor  
Opera -ae (f.): traballo  
Servus -i (m.): servo

Romani Sabinorum feminas rapiunt (raptan).

Femina -ae (f.): muller  
Romanus -i (m.): romano  
Sabinus -i (m.): sabino

Verba volant, facta manent (permanecen).

Verbum -i (n.): palabra  
Factum -i (n.): feito  
Volo -are: voar

Dei Romanis imperium dant.

Deus -i (m.): deus  
Imperium -ii (n.): poder

Galli Romanos proelio vincunt (vencen).

Gallus -i (m.): galo  
Proelium -ii (n.): batalla